



Actividade
dirixida para o
alumnado de
Educación Infantil
do Concello de
Lugo

HORTO ESCOLAR



CONCELLO DE LUGO
CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN

FINALIDADE DO PROGRAMA E XUSTIFICACIÓN

Achegar aos nenos e nenas de educación infantil ao contorno natural, formando parte dos ciclos naturais e intervindo nos mesmos de xeito directo e activo, é o principal obxectivo do horto escolar, e da labor do equipo pedagóxico de Trevia Educación Ambiental.

POR QUE EN EDUCACIÓN INFANTIL?.

O horto é unha experiencia na que se pode participar en calquera etapa da vida, pero é, sen dúbida, nas primeiras etapas educativas, onde a estimulación e o desenvolvemento dos sentidos é tremendamente importante, polo que esta actividade supón un recurso educativo de grande interese, xa que permite, que nenos e nenas de curta idade, poidan vivir, experimentar e gozar do traballo no contorno natural, intervindo nel, dun xeito consciente e responsable.

O programa de "Hortas na escola" comezouse a realizar durante o curso 2001-02, como programa experimental, levándose a cabo en catro centros educativos do Concello de Lugo.

Neste momento, trátase dunha actividade completamente asentada en 12 centros de educativos e en 2 escolas infantís do noso concello. O horto escolar é unha fonte inestimable de recursos, que permite abordar unha serie de contidos



encamiñados a desenvolver as capacidades dos alumnos e alumnas. Así, o atractivo traballo ao aire libre, ver como medran as plantas grazas ao propio esforzo, recoller as colleitas para o seu consumo, coidar dos cultivos, etc., son razóns, xa de por si, suficientes para incorporar o horto escolar nos Centros Educativos.

O horto escolar é un excelente recurso para converter os centros educativos en lugares que posibiliten a un alumnado principalmente urbano, múltiples experiencias acerca do seu entorno natural e rural, entender as relacións e dependencias que temos con el, así como poñer en práctica actitudes e hábitos de coidado e responsabilidades medioambientais; experiencias interesantes para o desenvolvemento das capacidades fundamentais en Educación Ambiental.

Este programa, que presentamos, ten como obxectivo traballar os contidos básicos da Educación Ambiental, partindo dun recurso educativo interesante e estimulante como é o horto escolar. Pretendendo ser un material que facilite ó alumnado a organización autónoma do traballo, intentando para iso, aportar a información suficiente para realizar distintas actividades tales como talleres relacionados co medio ambiente.

OBXECTIVOS

O horto é o marco idóneo para as liñas transversais, especialmente educación ambiental, pois teñen cabida temas como o consumo, a alimentación, o lixo, a saúde, etc. No horto únense a cultura escolar-científica e a vida cotiá, a través del pódense facilitar aprendizaxes útiles para o desenvolvemento social do alumnado dentro e fora do marco educativo.



traballar
a

Ademais, poden desenvolverse moitas capacidades contempladas nos obxectivos educativos xerais das etapa de Educación Infantil:

- ✓ Descubrir e utilizar as propias posibilidades motrices, sensitivas e expresivas.
- ✓ Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas co benestar e a seguridade persoal, a hixiene e o fortalecemento da saúde.
- ✓ Observar e explorar o seu contorno físico e social.
- ✓ Valorar a importancia do medio natural e da súa calidade para a vida humana.
- ✓ Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno.

Obxectivos específicos do programa:

- ✓ Achegar aos participantes a ciclos naturais das plantas, das estacións, do día e a noite, do clima, etc.
- ✓ Desenvolver a capacidade de observación e investigación no contorno.
- ✓ Favorecer a utilización correcta de ferramentas diferentes ás de uso cotiá.
- ✓ Participar en actividades de traballo en grupo, de xeito organizado e democrático.
- ✓ Potenciar a autonomía persoal e a iniciativa na realización das actividades.
- ✓ Fomentar comportamentos responsables e comprometidos no coidado das plantas e do horto.
- ✓ Coñecer os diferentes cultivos, así como o aproveitamento dos mesmos.
- ✓ Comprender e interiorizar os procesos de sementar e plantar, así como o desenvolvemento posterior das plantas e os coidados necesarios para o seu desenvolvemento óptimo.
- ✓ Realizar a colleita dos cultivos como fase final do proceso, compartindo o recollido polo grupo, para logo poder consumilo cada un, na súa casa.
- ✓ Coñecer e poñer en práctica algúns dos aproveitamentos que se realizan das plantas.

METODOLOXÍA

A metodoloxía xeral empregada é activa, participativa, integral, globalizadora, inductiva-deductiva, aberta, socializadora e lúdica.

Partirase da experiencia previa dos/as nenos/as, para que sexan eles/as os protagonistas do seu proceso de aprendizaxe, en contacto directo co contorno da horta e en cooperación cos demais.

No traballo da horta sempre van prevalecer os criterios pedagóxicos sobre os produtivos e os agrícolas.

As dinámicas que se realizan no programa de Hortos escolar axudan a desenvolver a socialización e o traballo en equipo, organizado, secuenciado e, respectando os ritmos naturais, favorecendo a valoración do propio esforzo e a súa relación co aprecio aos produtos conseguidos. Ademais é posible xerar situacións onde sexamos capaces de traballar a lateralidade, a orientación espazo-temporal, a motricidade fina, explorar cos sentidos, formularnos preguntas e desenvolver estratexias de investigación, realizar observacións de seres vivos e interrelacionar conceptos de diversas áreas.

DESTINATARIOS

Esta actividade está deseñada para rapaces e rapazas de Educación Infantil.

Tanto as actividades como os contidos desenvoltoos nas mesmas están adecuados ao grao de madurez de cada nivel educativo.

As actividades pedagóxicas deste programa están dirixidas ao alumnado dos tres cursos de educación infantil 4º, 5º e 6º do 2º ciclo. Tamén están destinadas aos nenos e nenas de 3º de 1º ciclo de educación infantil das escolas infantís municipais.

Os centros educativos aos que vai dirixido o programa son:

CEIP LUIS PIMENTEL (9 GRUPOS)

CEIP ROSALIA DE CASTRO (3 GRUPOS)

CEIP ILLA VERDE (6 GRUPOS)

CEIP QUIROGA BALLESTEROS (1 GRUPO)

CEIP CASÁS (6 GRUPOS)

CEIP A PONTE (3 GRUPOS)

CEIP VIRXE DA SOIDADE (3 GRUPOS)

CEIP ALBEIROS (6 GRUPOS)

CEIP MANUEL MALLO MALLO (3 GRUPOS)



CEIP MENÉNDEZ PELAYO (6 GRUPOS)

CEIP PARADAI (6 GRUPOS)

CEIP ANEXA (6 GRUPOS)

EI FINGOI Nº 2 (3 GRUPOS)

EIM SERRA DE OUTES (2 GRUPOS)

EIM GREGORIO SANZ (2 GRUPOS)

O número total de grupos é de 65.

O número de horas ou sesións por grupo será de 8.



TEMPORALIZACIÓN

O programa realizarase entre o mes de febreiro e xuño nos CEIPs, e de maio a xuño nas dúas escolas infantís municipais.

Previamente ao comenzo das actividades do Programa as zonas verdes destinadas aos hortos, terán que ser preparadas (retirada da cuberta vexetal, fresado, abonado) para a realización dos obxetivos educativos do programa así como o mantemento (sacar as malas herbas, sachar os cultivos) destas zonas durante a realización do programa educativo.

Os colexios estarán organizados por semanas. Dese xeito, elaboraremos un organigrama por días e semanas para a participación no programa.

O horario queda pendente de determinar pola escola en coordinación co equipo educativo de Trevia, para axustarse o máximo posible á dinámica cotiá do propio centro.

EQUIPO EDUCATIVO

O número de educadores que vai traballar directamente con cada grupo e en cada sesión será de un. Hai que explicar que o equipo educativo que traballe no programa de “Hortas na escola” durante a súa duración estará formado por:

- ✓ Dúas educadoras o que vai permitir cubrir as necesidades de todos os centros participantes. Cada unha destas profesionais posúe un Título de grao en Educación Infantil ou Primaria, así mesmo tamén teñen experiencia laboral no desenvolvemento do programa de hortos escolares.
- ✓ Coordinadora que dirixirá,, planificará e coordinará as actividades en cada centro educativo e escola infantil será a responsable da execución do

programa e terá as tarefas de organizar, supervisar e relacionarse coa dirección dos centros para a concreción dos horarios. Tamén será a persoa que se relacione co responsable municipal. A coordinadora posúe unha titulación superior e, así como, formación específica en educación ambiental e experiencia docente no ámbito non formal para a planificación e execución de programas educativos dentro da formación en educación infantil (mínimo 3 anos). A persoa que a nosa empresa ofrece leva coordinando o programa desde o seu inicio no ano 2002.

ACTIVIDADES

As actividades estarán organizadas tendo en conta os ciclos da natureza, elixindo aqueles cultivos máis apropiados para cada época e coa fin de que tódolos cultivos se recollan no mes de xuño. Ademais intercalaranse obradoiros para a transformación dos produtos do horto e outros de consumo cotiá máis elaborados (obradoiro de cociña, repostería, colonias, sales de baño, velas,..)

Tódalas as aulas realizarán as actividades propostas na programación, de xeito que cada grupo vai participar no coidado de tódolos cultivos previstos para as sesións de traballo.

As sesións de traballo cos nenos e nenas estruturaránse en tres fases:

- ✓ Fase previa: Será a fase de motivación e ambientación. Utilizando diferentes recursos (xogos, contos, cancións,...) trátase de que os nenos e nenas comprendan que é o que van facer, e por que, as ferramentas que van usar, e como as van utilizar e a organización dos grupos onde van traballar.
- ✓ Fase de acción: Nesta fase poñeráse en práctica o traballado na fase anterior. Dividiremos o grupo en dúas metades, cando sexa moi numeroso, para deste xeito, favorecer o contacto alumno/a-educador/a.
- ✓ Fase de reflexión: Trátase de reconstruír toda a actividade, utilizando diferentes recursos como o calendario do horto, as fichas didácticas, xogos e obradoiros.



As actividades formuladas serán:

Febreiro	
1ª Sesión:	Comezamos investigando o que necesitan as plantas para poder vivir: 2-3 anos: O conto do Xirasol e sementeira de pebidas de xirasol. 4 anos : Conto do coelliño branco e sementeira de ravos. 5 anos: Conto das fabas máxicas e sementeira dunha faba.
Marzo	
2ª Sesión:	<ul style="list-style-type: none">- Plantación de chícharos.- Realización dunha ficha sobre a xerminación dunha semente.- Realización dun espantallo para a horta.
3ª Sesión:	<ul style="list-style-type: none">- Transplantado de espinacas.- Realización de carteis para a sinalización dos cultivos na horta.
Abril	
4ª Sesión:	<ul style="list-style-type: none">- Transplantado de repolos.-Ficha de recoñecemento de cultivos.
5ª Sesión:	<ul style="list-style-type: none">- Transplantar de leitugas.- Labores de coidado do horto: regar, aterrar, sacar nmalas herbas, abonar,...- Calendario de cultivos.
Maio	
6ª Sesión	<ul style="list-style-type: none">- Obradoiro s (secuenciaranse por niveis para que cada ano os alumnos/as participen en aproveitamentos diferentes): 3 anos: sales de baño. 4 anos: velas aromáticas. 5 anos: bolsas de aromáticas.- Realización de carteis para a sinalización dos cultivos na horta.

<p>7^a Sesión:</p>	<p>- Obradoiros (secuenciaranse por niveis para que cada ano os alumnos/as participen en aproveitamentos diferentes):</p> <p>3 anos: Obradoiro de colonias.</p> <p>4 anos: creación dun marcapáxinas.</p> <p>5 anos: Creación dun Sr. Pasto.</p>
<h2>Xuño</h2>	
<p>8^a sesión</p>	<p>COLLEITA (as datas para a recollida programaranse con cada centro segundo dispoñibilidade e desenvolvemento dos cultivos).</p> <p>Transplantar as cabazas para que o horto poda estar protexido durante o verán e que á volta, o alumnado poda utilizar as cabazas para Samaín.</p>

A parte do traballo no horto, existen gran cantidade de actividades que poderán realizarse, favorecendo que o horto sexa un espazo máis, dentro da Escola e no que se cerren os ciclos dos produtos, sendo capaces de formular diferentes aproveitamentos.

- ✓ Obradoiro de marcapáxinas.
- ✓ Obradoiro de velas.
- ✓ Obradoiro de colonias.
- ✓ Obradoiro de sales de baño.
- ✓ Bolsiñas de aromáticas.
- ✓ Preparado de plantas medicinais.
- ✓ Protector labial.
- ✓ Creación dun Señor Pasto.

